



Dona Sonsoles Vicente Solla, como concelleira da área de Ensino e Cultura, e como tal do Conservatorio Profesional/Elemental e da Escola de música municipal de Tui:

Con data do 6 de xullo de 2025, o alcalde de Tui mediante providencia inicia o proceso de convocatoria de axudas para alumnos/as que estudan música no Conservatorio Profesional/Elemental e Escola de Música deste termo municipal.

Con data do 8 de xullo de 2025 emítese RC de intervención favorable para tal fin.

No conservatorio e escola de música temos matriculados a un total de 210 alumnas e alumnos entre os que se atopan veciñas e veciños do concello de Tui.

Son moitos e en diferentes campos onde as ensinanzas musicais resultan beneficiosas polo que é de gran importancia o acceso en igualdade ás ensinanzas musicais. A formación musical favorece e reforza a atención aos detalles e a concentración, así como mellora as habilidades e a constancia na realización das accións do día a día, así mesmo incrementan a memoria tanto a nivel visual, como xestual e auditiva, e pon en valor a creatividade das alumnas e alumnos. Axuda no desenvolvemento das habilidades motoras e rítmicas e en particular daqueles nenos e nenas que dende pequenos tocan un instrumento.

Por outra banda, a aprendizaxe en grupos reducidos incrementa a seguridade en si mesmos e facilita a socialización e a participación en grupo posibilitando o establecemento de amizades e relacións.

Tendo todo isto en conta o concello de Tui como Administración que facilita a atención aos veciños e veciñas e en especial os máis pequenos do noso concello, as persoas con problemas de saúde que acoden as ensinanzas musicais como factor rehabilitador e previsor de illamento social.

Por todo o exposto anteriormente,

Propoño á alcaldía as seguintes: “BASES PARTICULARES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE “BECAS DE ESTUDIO PARA ENSEINANZAS MUSICAIS, CURSO 2024/2025”

O Concello de Tui dende fai anos ben realizando o programa de axudas municipais para ensinanzas musicais, como medio para axudar algunhas familias deste termo municipal con baixo nivel de ingresos, mediante a concesión en réxime de concorrencia competitiva.

O texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web (www.tui.gal) e no Taboleiro principal da Escola Municipal de Música polo prazo de dous meses dende a data de aprobación da presente convocatoria, sendo remitido ao BOPPO un extracto das mesmas. Asemade as/os mestres de ensinanzas





musicais do Conservatorio Profesional e da Escola de Música Municipal encargaranse de darlle a publicidade necesaria para que tódolos alumnos/as teñan coñecemento da presente convocatoria.

1ª.- OBXECTO, BENEFICIARIOS/AS, APLICACIÓN PRESUPOSTARIA E LIMITES Á CONCESIÓN DE AXUDAS:

As axudas municipais de ensinanza musical, para alumnos/as do Conservatorio de Grao Profesional/Elemental e da Escola de Música Municipal para o curso 2024-2025, van destinadas a persoas matriculadas no Conservatorio de Grao Profesional/Elemental e na Escola de Música deste termo municipal, pertencentes a unidades familiares con ingresos brutos anuais ponderados segundo o descrito no apartado 5ª.-Determinación e ponderación de ingresos, e que non superen 3 veces o IPREM 2024 (25.200€ anuais en 14 pagas).

Os obxectivos son:

1. Facilitar o acceso as ensinanza musical en aquelas familias ou persoas con recursos limitados.
2. Que os alumnos/as pertencentes a familias cun baixo nivel de ingresos teñan acceso a beca.
3. Realizar un seguimento daquelas familias que se detecten de alto risco.
4. Posibilitar o acceso a ensinanza musical a aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, establecida na normativa de aplicación e documentada con informe da técnica de servizos sociais comunitarios do Concello de Tui.
5. Análise da poboación demandante e valoración das súas necesidades.

As axudas que se concedan financiaranse con cargo á partida de gasto **2025/1/326/4810201/22025002086** do orzamento municipal na contía total máxima de **4.000,00€**; concedendo as axudas por orde de puntuación e ata o límite máximo do crédito orzamentario, permanecendo en lista de agarda por si se dese renuncia, ou non cumprimento axeitado da xustificación das concedidas dentro do orzamento dispoñible.

2ª.-REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES:

1. Estar matriculados/as ou ter fillos/as matriculados/as no Conservatorio de Grao Profesional/Elemental e/ou na Escola de Música Municipal.
2. Estar empadroad/a en Tui, tanto a persoa solicitante como no caso de menores ó pai/nai ou titor/a legal se os tivera, así como os nenos/as para os/as que se solicita a beca, con anterioridade á data de publicación destas bases, e durante o curso subvencionado completo.






3. Que a familia non supere os ingresos brutos estipulados.
 4. Non ser beneficiario/a doutras entidades ou organismos públicos ou privados de axudas por este concepto; e non superar o límite de axudas establecido.
 5. Ter o curso completo aprobado (referido ao período lectivo anterior ao subvencionable), agás para os que inicien os estudos neste período lectivo, os cales deberán estar matriculados na totalidade de materias correspondentes ao primeiro ano.
 6. Comunicar a solicitude ou obtención de subvencións axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, ou privado nacional e /ou internacional.
- *De incumprir algún destes requisitos archivarase o expediente sen mais trámite.*

3ª.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- a) Solicitude, en modelo oficial adxunto como Anexo I nas presentes bases, no rexistro xeral deste Concello ou na sede electrónica (<https://concellotui.sedelectronica.gal/>), o prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro da sede electrónica do concello de Tui, (<https://concellotui.sedelectronica.gal/>)
- b) Fotocopia do D.N.I., NIE, Pasaporte ou documento análogo en vigor, da persoa que actúa como solicitante e das persoas que convivan con el maiores de 16 anos. No caso de NIE este terá que presentarse por tódalas persoas residentes no domicilio indistintamente da idade dos mesmos.
- c) No caso de menores, fotocopia do libro de familia completo agás dos fillos/as que non convivan no domicilio.
- d) Xustificante de ingresos mensuais do ano 2024 do pai/nai ou titores, alumnos/as que soliciten axuda, e dos demais membros da unidade de convivencia maiores de dezaseis anos que convivan no mesmo domicilio dos/as alumnos/as para as que se solicita axuda, agás os que non pertencen á unidade familiar.
- e) Fotocopia de tódalas follas da declaración da renda 2024 ou no caso de non estar obrigado a facela certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria.
- f) Tamén se computarán os ingresos do cónxuxe ou da parella á cal se atope unido/a, ou por análoga relación, así como dos fillos/as maiores que existan.





Mediante presentación de (SEGUNDO CORRESPONDA):

- Nóminas do ano 2024; ou certificado de retencións emitido pola empresa.
- Certificado do INSS ou entidade pagadora da pensión/s que percibiran no ano 2024.
- Extracto bancario do ano 2024 no caso de percepción de pensións estranxeiras.
- Certificado de alta e prestacións do Instituto Nacional de Emprego;
- Fotocopia de tódalas follas da declaración da renda 2024 ou no caso de non estar obrigado a facela certificación negativa expedida pola Axencia Tributaria de Tui.

*No caso de non poder acreditar a situación económica cos documentos anteriormente apuntados, terán que facer unha **declaración responsable** dos ingresos familiares.*

g) Certificado IBAN actualizado, expedido pola entidade bancaria **(do que terá que ser titular o/a solicitante e de ser menor de idade a persoa que asina a solicitude na súa representación, pai/nai, titor/titora).**

h) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Autorizando a consulta pola administración local ou acreditando documentalmente o caso de non autorizar.

i) No caso de alegar calquera das circunstancias excepcionais descritas no artigo 4º do baremo a aplicar, xustificante das circunstancias alegadas, en documento oficial.

O departamento administración do Conservatorio Profesional de Tui e os Servizos Sociais Comunitarios Municipais resérvanse o dereito a solicitar a documentación necesaria para aclarar a situación de parentesco e socioeconómica.

4ª.- BAREMO A APLICAR:

Definición de unidade familiar. Considéranse membros computables da unidade familiar a efectos de solicitude desta axuda:

- Pai e/ou nai (os seus ingresos considéranse ó 100 %)
- Solicitante (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 100%)
- Irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2024 (no seu caso, considéranse ó 50%)
- Irmás maiores de 25 anos só con discapacidade, física, psíquica ou sensorial (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 50%)
- Ascendentes que xustifiquen a súa residencia (os seus ingresos, no seu caso, considéranse ó 50%)
- En caso de solicitantes, con unidade familiar independente (os seus ingresos considéranse ó 100 %), serán membros computable o seu cónxuxe (ou análoga relación), (os seus ingresos considéranse ó 100 %) así como os de fillos/as.



A. SITUACIÓN LABORAL: Por cada un dos membros computables da unidade familiar:

- Traballo fixo/indefinido e autónomos, **0 Puntos**
- Traballo temporal con contrato, Prestacions , Subsidios, **2 Puntos**
- Pensionistas SS. ou Clases pasivas, **3 Puntos**
- Familias nas que os ingresos percibidos proveñan de forma exclusiva de axudas de carácter social. (IMV,PNC,RISGA, RAI...), **4 Puntos**

B. SITUACIÓN DA VIVENDA

- Vivenda Propia, **0 Puntos**
- Vivenda alugada ou amortizando, **1 Punto**
- Vivenda cedida ou en convivencia, **2 Puntos**

C. OUTRAS VALORACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL

- FAMILIAS NUMEROSAS :

Determinanse como familias numerosas:

1. Un ou dous ascendentes con tres ou mais fillas ou fillos, sexan ou non comúns.
2. Un ou dous ascendentes con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns, sempre que polo menos un deles sexa discapacitado ou estea incapacitado para traballar.
3. Dúas persoas ascendentes, cando ambas fosen discapacitadas ou como mínimo, unha delas tivese un grao de discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, ou estivesen incapacitados para traballar, con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns.
4. **O pai ou a nai separados ou divorciados, con tres ou máis fillos**, sexan ou non comúns, aínda que estean en distintas unidades familiares, sempre que se encontren baixo a súa dependencia económica aínda que non vivan no domicilio conxugal.
5. Dous/dúas ou máis irmáns orfos/as de pai e nai sometidos a tutela, acollemento ou garda que convivan coa persoa titora, acollidora ou gardadora, pero que non estean ás súas expensas.
6. Tres ou máis irmáns orfos/as de pai e nai, maiores de 18 anos (ou dous, se un deles é discapacitado) que convivan e teñan unha dependencia económica entre eles.
7. O pai ou a nai con dous fillos/as, cando teña falecido a outra persoa proxenitora.

* Categoría Xeral, **2 puntos**

* Categoría Especial, **4 puntos**



- FAMILIAS NAS QUE ALGÚN MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR TEÑA CUALIFICACIÓN DE GRAO DE DISCAPACIDADE legalmente recoñecido, (xustificado mediante a presentación de certificado de minusvalía en vigor, emitido polo EVO da Xunta de Galicia), **3 puntos**.
- FAMILIAS NAS QUE ALGÚN DOS SEUS MEMBROS TEÑA RECOÑECIDO UN GRADO DE DEPENDENCIA, (xustificado mediante presentación de fotocopia do ditame proposta do equipo de valoración da dependencia da Xunta de Galicia), **3 puntos**.
- FAMILIAS MONOPARENTAIS, (certificado en vigor de familia monoparental expedido pola consellería de Política Social), **3 puntos**.

Para os efectos destas bases, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

1. Os homes ou as mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
2. As familias formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.
3. As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Ademais, teñen a mesma consideración que o fillo ou filla aqueles menores “tutelados” ou en “acollemento” por un único proxenitor. En todo caso, os requisitos están recollidos na Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

- MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO, **2 puntos**

Documentación acreditativa:

1º. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a letrado/a de a Administración de xustiza da propia orde de protección ou da medida cautelar.

2º. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata con fins de explotación sexual e/o vítima de explotación sexual.

3º. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero ou de trata con fins de explotación sexual e/o explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente no que conste a existencia dos devanditos indicios.

4º. Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de violencia de xénero, ou de trata con fins de explotación sexual e/o explotación sexual.



5º. Informe dos servizos sociais e/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata con fins de explotación sexual e/o de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/o explotación, respectivamente.

6º. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local no que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero, de vítima de trata con fins de explotación sexual e/o de explotación sexual, e a data na que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/o explotación, respectivamente.

D. VALORACION ECONÓMICA:

TRAMO INGRESOS PONDERADOS		
DESDE... €/ANO	ATA... €/ANO	PUNTOS
- €	8.333,30 €	3
8.333,31 €	16.666,60 €	2
16.666,61 €	25.199,90 €	1
25.200,00 €		0

5ª.- DETERMINACIÓN E PONDERACIÓN DE INGRESOS:

A) Para a determinación dos ingresos familiares terase en conta, cando sexan debidamente acreditados, os exentos de tributación, prestación de incapacidade permanente ou grande invalidez, prestacións familiares por fillo a cargo, pensión de orfandade ou calquera outro exento de tributación.

B) Aos ingresos familiares determinados consonte o anterior aplicaráselles, en función do número de membros da unidade familiar, o coeficiente multiplicador corrector seguinte:

- Familias de un membro: 1,00.
- Familias de dous membros: 0,90.
- Familias de tres membros: 0,80.
- Familias de catro membros: 0,75.
- Familias de cinco ou mais membros: 0,70.

C) Se algún membro da unidade familiar ou de convivencia é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondería.



6ª.- COMPATIBILIDADE E IMPORTE DAS BECAS:

Estas becas son compatibles con outras que se poidan percibir, porén, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custe da actividade que vaia a desenvolver a persoa beneficiaria, sen que a axuda municipal poida superar a porcentaxe do 65% de dito importe (custe da matrícula), agás nos casos sinalados no artigo 8 da Bases Xerais Tipo Reguladoras da Concesión de Subvencións.

A continuación especificanse as porcentaxes máximas segundo o baremo de puntos obtido:

BAREMO DE PUNTOS OBTIDO	PORCENTAXE MÁXIMA DE AXUDA
24/15 inclusive	65%
14/10 inclusive	55%
9/5 inclusive	45%
4/1 inclusive	35%

7ª.-INSTRUCCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR:

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Administrativa e/u Auxiliar Administrativa do Conservatorio de Tui e ós Servizos Sociais Comunitarios Municipais, os cales realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:



- Petición de cantos informes estime necesarios ou aqueles que sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións. Todos serán emitidos nos prazos regulamentarios para resolver:

- Informe emitido pola dirección do CMUS/ESMU de Tui, que recolla as cualificacións das persoas solicitantes.
- Informe da Tesoureria do Concello de Tui sobre o estado do pago da matrícula.

- Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nas bases da convocatoria.

- A emisión de informes unha vez avaliadas as solicitudes, nos que se concretara o resultado da avaliación realizada.

- De ser o caso, requirirá para que a persoa solicitante no prazo de 10 días hábiles emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015.

As instrutoras, tendo en conta o expediente e os informes, reuniranse no seo da Comisión cualificadora (artigo 8), que formulará unha proposta de resolución, debidamente motivada, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ao expediente engadirase informe no que conste que da información levada a cabo se desprende que os beneficiarios/as compren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas. Esta proposta será publicada Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Tui (<https://concellotui.sedelectronica.gal/>). Establécese un prazo de dez días hábiles dende a publicación no taboleiro, para presentar alegacións por parte das persoas interesadas.

Para o caso de que existan alegacións, a Comisión cualificadora revisará as alegacións presentadas e formulará unha nova proposta de resolución. De non existir alegacións, continuarase co procedemento de acordo co artigo 9.


As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereitos a favor do beneficiario/a proposto fronte á Administración mentres non se realice a publicación da resolución definitiva da concesión.

O estudio e, de ser o caso, a concesión ou denegación de axudas económicas, realizarase tralo estudio do bloque de solicitudes presentadas.

8ª.- COMISIÓN CUALIFICADORA:

A comisión cualificadora estará composta por:





- O/a Alcalde/sa. No seu defecto, o/a concelleiro/a da área de Ensino e Cultura.
- O/a director/a do conservatorio.
- O persoal instrutor do procedemento, con voz pero sen voto.

9ª.- RESOLUCIÓN E PAGAMENTO.

Unha vez que se realicen todos os trámites relacionados con cada solicitude, e en base á proposta de resolución da Comisión Cualificadora, o órgano competente (concelleira delegada de ensino e cultura) resolverá o procedemento concedendo ou denegando a subvención e comunicarse ás persoas interesadas mediante a publicación correspondente no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Tui (<https://concello.tui.sedelectronica.gal/>).

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda. Atendendo á súa natureza e características, estas axudas entenderanse xustificadas pola previa acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas Bases para a súa concesión.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

A resolución pon fin a vía administrativa.

10ª.- REVOGACIÓN DA CONCESIÓN E REINTEGRO.

A concesión desta axuda poderá ser revogada no caso de ser concedida a alumnos/as que non reúnan algún ou algúns dos requisitos establecidos ou incorran en ocultación ou falseamento de datos. Neste caso o alumno/a deberá reintegrar o importe da axuda incrementado cos intereses de demora correspondentes dende a data da súa concesión.

Revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ao fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade da beca, o Concello esixirá ás persoas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co seguintes procedemento:

- Incoación de oficio do mesmo mediante Resolución de Alcaldía ou concelleira delegada, previo informe da Unidade xestora correspondente e da Intervención municipal, no que se acorde a apertura do expediente de reintegro da subvención.
- A notificación aos beneficiarios de dita Resolución, coa apertura do trámite de audiencia



de quince días hábiles, a fin de que efectúen as alegacións que consideren pertinentes ou procedan a subsanar as deficiencias observadas, co apercibimento de que, no caso de acordarse o reintegro da subvención, esixiráselle o interese de demora dende o momento do pagamento da mesma, de acordo co previsto no artigo 38 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Alcaldía ou concelleira delegada, unha vez resoltas as alegacións presentadas ou transcorrido o prazo sen que se presentaran as mesmas polos interesados, ditará Resolución acordando a procedencia ou non do reintegro e as demais actuacións que procedan.
- No caso de que se acorde o reintegro da subvención, este tramitarase a fin de que se faga efectivo nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución de Alcaldía.

11ª.- PROTECCIÓN DE DATOS.

En cumprimento dos seus deberes de publicidade activa, o concello está obrigado con carácter xeral a facer pública a información relativa a subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios. Porén, son aplicables neste ámbito os límites ao dereito de acceso á información pública previstos no art. 14 da Lei 19/2013, de transparencia,

e, especialmente, o derivado da protección de datos de carácter persoal, regulado no art. 15 desta Lei 19/2013. Se a información contén datos especialmente protexidos, a publicidade só se levará a cabo previa disociación dos datos de carácter persoal.

De acordo co disposto no Regulamento Europeo de Protección de Datos e Lei Orgánica 3/2018, o Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos persoais achegados. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación do Concello para solicitarlle os datos deriva do exercicio dunha competencia propia e potestade pública: axudas de ensinanza musicais, para alumnos/as do Conservatorio de Grao Profesional/Elemental e da Escola de Música Municipal para o curso 2024-2025 (o art. 25.2 m) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ao municipio coma competencia propia a promoción da cultura e o artigo 23 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais permite que os concellos concedan subvencións).

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

12ª.- RECLAMACIÓNS.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas cualificadas ou que poñan fina á vía administrativa e que se adopten na súa execución, poderá interpoñerse, potestativamente,





recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

NORMA FINAL

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e as Bases de execución do orzamento do Concello de Tui.

A Concelleira-Delegada de Ensino e Cultura Dña. Sonsoles Vicente Solla

(Documento firmado dixitalmente á marxe)





Espazo reservado para o selo de rexistro

ANEXO I

Solicitud de becas de estudio para ensinanzas musicais do curso 2024/2025

1. Datos do solicitante/da solicitante.

(Alumno/a, pai/nai ou titor/a, segundo o caso.)

Nome e apelidos: _____

Número de DNI: _____ Ingresos mensuais: _____

Nome e apelidos do/da cónxuxe: _____

Número de DNI: _____ Ingresos mensuais: _____

Domicilio: _____

CP: _____ Localidade: _____ Municipio: TUI

Número/s de teléfono de contacto: _____

Dirección de correo electrónico: _____

2. Datos das persoas que conviven no domicilio.

(Non inclúa aquí os datos das persoas que indicou no apartado anterior.)

Nome e apelidos	Parentesco (co alumno/coa alumna)	Actividade/Profesión
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

3. Datos do alumno/ da alumna.

(Indique neste apartado os datos dos fillos/das fillas que realicen estudos de ensinanzas musicais no Centro.)

Nome e apelidos	Ano de nacemento	Curso
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____





Espazo reservado para o selo de rexistro

4. A vivenda familiar é:

(Sinale cun "X" o que corresponda.)

☐

Propia.

☐

Alugada
/hipotecada*

Canto paga de aluguer/hipoteca? Indique a _____ € mensuais.
cantidade:

* No suposto de alegar gastos de aluguer ou hipoteca, presentará os recibos do primeiro e último mes do ano 2024 (xaneiro-decembro).

☐

Outras circunstancias. Coménteas: _____

5. Outras axudas:

Comunicar a solicitude ou obtención de subvencións axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional e /ou internacional

☐

Solicitada pendente de resolución ; organismo ao que foi solicitada _____

☐

Concedida. Contía concedida: _____

6. Observacións:

(Sinale cun "X" o que corresponda.)

Existe algún membro da unidade familiar con algún grao de minusvalía legalmente recoñecido?

☐

Si*. Indique o grao: _____ %.

☐

Non.

* **Achegará unha copia do certificado en vigor.**

Existe algún membro da unidade familiar con grao e nivel de dependencia legalmente recoñecido?

☐

Si*. Indique o grao: _____

☐

Non.

* **Achegará unha copia da resolución de dependencia.**

Ten recoñecida a condición de familia numerosa?

☐

Si*.

☐

Non.

* **Achegará unha copia do Título de familia numerosa en vigor.**

Tui, _____ de _____ de _____





Espazo reservado para o selo de rexistro

7. Consentimento:

CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS TRIBUTARIOS OU OUTROS CUXA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA REQUIRA O CONSENTIMENTO EXPRESO		
A consulta dos documentos relacionados a continuación deberá ser obxecto de autorización expresa		
No caso de que as persoas interesadas non marquen o recadro de autorización expresa, deberán achegar os certificados actualizados que acrediten estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social ou o Concello de Tui ou outra documentación cuxa comprobación non autorice.	AUTORIZO A CONSULTA	
	SI	NON
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT e ATRIGA).		
- Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións fronte á Seguridade Social		
- A Consulta das solicitudes de beca presentadas ao MEC		
- Estar ao corrente de pagamento coas obrigacións tributarias e demais ingresos de dereito público do Concello de Tui		
No caso de opoñerse ou non poder o concello acceder á comprobación deberá presentar os correspondentes certificados.		

(Sinatura)

O asinante/A asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos indicados nesta solicitude e que se compromete a presentar calquera outra documentación xustificativa requirida polo Concello. No caso de non presentala considerarse desestimada a súa petición e archivarase sen máis trámite.

O prazo para presentar esta solicitude remata no rexistro físico ás 14:00 horas no Concello, ás 20:00 horas no Conservatorio e no rexistro electrónico ás 24:00 horas. Tal e como se recolle no subepígrafe (a) do atado nº 3 das bases reguladoras, todas estas opcións rematan en 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro da sede electrónica do concello de Tui. Desestimadas todas as solicitudes presentadas fóra de prazo ou que superen o límite de ingresos.

SRA. CONCELLEIRA-DELEGADA DE ENSINO E CULTURA DO CONCELLO DE TUI.

